




PEDRA FURADA DE FIGUEIRÓ

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro 2016



Distancia: 2,5 km (ida e volta)
Dificultade: media



En Tomiño, na parroquia de Figueiró, sé do san Campio de Lonxe, a particular composición e estrutura as rochas da serra do Argalo e a erosión física e química da auga crearon unas curiosas formas das que as máis salientables son os furados que presenta unha delas. Das formas redondeadas dos outeiros sobresaen unhas cristas rochosas formadas por materiais sedimentarios compactados e metamorfizados nas que a erosión creou os furados que motivaron a nosa visita.

PERCORRIDO

Na estrada de Tui á Guarda, pasada Forcadela e o cruzamento a Tomiño, atopamos un desvío á dereita co indicador de “San Campio de Lonxe 0,8”, por el chegamos ao centro da localidade, e deixando á dereita a igrexa, a unha placiña, nela collemos a estrada da dereita, seguindo os indicadores dunha tapería, ata chegar a onde remata o asfalto, ao pé duns depósitos de auga. Se imos en coche temos que deixalo aquí. Desde o remate do asfalto só hai que seguir os indicadores de madeira que nos levan sen perda ao sitio. Se, pola causa que sexa, non vemos os indicadores, no remate do asfalto collemos a pista cara á esquerda e uns metros adiante o desvío á dereita que sube. Despois do primeiro tramo de subida chegamos a unha bifurcación onde collemos cara á esquerda e case no mesmo cruzamento un desvío á dereita que arranca nunha pendente moi pronunciada e segue a subir ata acadar a parte máis alta do outeiro onde temos á esquerda o miradoiro e uns metros máis adiante un panel, diante del un banco e á esquerda do banco a pedra furada. O traxecto a pé e de pouco máis de 1 km, no que superamos uns 100 m de desnivel por unha pista ampla con só dous puntos difíciles nos arranques do primeiro e o segundo tramo. No traxecto iremos vendo a serra, as grandes plantacións que gabean polas súas abas, algún tramo do Miño entre Tomiño e Portugal e os montes portugueses da serra da Salgosa por enriba de Vilanova da Cerveira, e desde o miradoiro o val do regato das Cerradas que desauga no Miño.



